

Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central – MCCM		
Número expediente:	Documento:	
 GOB/2024/63	 GOB18I00RR	
4R5V 036N 2H1M 0857 0ELB 2 4R5V036N2H1M08570ELB) » 2 4R5V036N2H1M08570ELB) »		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DEZAOITO DE XULLO DE DOUS MIL VINTECATRO

SRES/AS ASISTENTES: <u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ <u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE <u>NON ASISTEN:</u> TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN <u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ <u>SRA. SECRETARIA SUBSTITUTA:</u> D/Dª MªANGELES MANTEIGA FULGUEIRA	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do dezaioito de xullo de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. A Alcaldesa-Presidenta, D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretaria Dª MªANGELES MANTEIGA FULGUEIRA, a Secretaria Substituta.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
---	--

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local deulle a súa aprobación.

2.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN DE AUGAS DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS CO FIN DE MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA EN ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.- Vista a proposta formulada que di así: En relación ao expediente denominado “Subvención de Augas de Galicia para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia”, o xefe do Servizo de Contratación, en data 8 de xullo de 2024, elevou a esta Alcaldía-Presidencia o informe-proposta que di:

“Expediente CON/2024/23: Subvención de Augas de Galicia para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia

Asunto: Proposta de aceptación de subvención

En relación coa Resolución de Augas de Galicia do 4 de xullo de 2024 pola que se concede a subvención solicitada por este Concello ao amparo da Resolución de Augas de Galicia, do 29 de decembro de 2023, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 mediante tramitación anticipada de gasto; publicada no DOGA núm. 20, do 29 de xaneiro de 2024, emítase o seguinte

INFORME - PROPOSTA

Mediante resolución da alcaldía deste Concello de data 29 de febreiro de 2024 acordouse a solicitude dunha subvención de 37.621,92 euros (correspondente ao 80% do importe ao que ascende o proxecto) para a actuación denominada “PROXECTO DE MELLORAS E EQUIPAMENTO DA REDE DE ABASTECIMIENTO DO CONCELLO DE NARÓN” sobre a base do proxecto elaborado ao efecto pola empresa INXENIUM SOSTIBLE SCP, a instancias de COSMA SA, no marco das axudas convocadas pola entidade Augas de Galicia mediante a resolución indicada do 29 de decembro de 2023.

Con data 8 de xullo de 2024 Augas de Galicia notificou a este Concello a resolución de concesión de axuda, polo importe solicitado, outorgando nese documento un prazo de 10 días hábiles para a aceptación da subvención, ou comunicar a renuncia á subvención concedida, de conformidade co previsto no artigo 19 da Resolución de aprobación das bases.

Así mesmo, e de acordo coas Bases de Execución do Orzamento en vigor, procede a aceptación da subvención, o cal é obxecto desta proposta.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- Resolución de Augas de Galicia, do 29 de decembro de 2023, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 mediante tramitación anticipada de gasto; publicada no DOGA núm. 20, do 29 de xaneiro de 2024.
- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2024. Concretamente a base 52, apartado 2, sinala que *a aceptación da concesión [...] deberá ser aprobados, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos para a habilitación do necesario, pola Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá ir acompañada dunha copia do documento que acredite a súa concesión, do plan de financiamento definitivo e, no seu caso, da solicitude de iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por xeración.*

A tal efecto, este funcionario subscribiu os seguintes documentos, que se acompañan a este informe-proposta:

1. Plan de financiamento definitivo, comprensivo das necesidades de fondos e fontes de financiación existentes para facer fronte ao gasto.

2. Informe-solicitud de xeración de créditos pola contía subvencionada.

Por todo o exposto de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o que asina, previa fiscalización, solicita á Alcaldía-Presidencia que someta a debate e votación da Xunta de goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o cadro de financiamento definitivo para actuación denominada “PROXECTO DE MELLORAS E EQUIPAMENTO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO DE NARÓN”, de acordo co establecido no documento que se acompaña, e resumido como sigue:

Proxecto	MELLORAS E EQUIPAMENTO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO DE NARÓN	
Importe total	47.027,40 €	
Recursos externos	37.621,92 €	
Fondos propios	1610.61900	9.405,48 €

SEGUNDO: Aceptar, para a antedita actuación, a subvención de 37.621,92 € concedida pola entidade Augas de Galicia, nos termos establecidos na resolución de concesión de axuda notificada a este Concello con data 8 de xullo de 2024.”

Visto este informe, e logo da toma de razón pola Intervención Xeral, en data 16 de xullo de 2024, esta Alcaldía-Presidencia propón, á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o cadro de financiamento definitivo para actuación denominada “PROXECTO DE MELLORAS E EQUIPAMENTO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO DE NARÓN”, de acordo co establecido no documento que se acompaña, e resumido como sigue:

Proxecto	MELLORAS E EQUIPAMENTO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO DE NARÓN	
Importe total	47.027,40 €	
Recursos externos	37.621,92 €	
Fondos propios	1610.61900	9.405,48 €

SEGUNDO: Aceptar, para a antedita actuación, a subvención de 37.621,92 € concedida pola entidade Augas de Galicia, nos termos establecidos na resolución de concesión de axuda notificada a este Concello con data 8 de xullo de 2024.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.